XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
Tlf.: 881997654
conselloescolar@edu.xunta.es

CONSELLO ESCOLAR
DE GALICIA

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O PLAN DE ESTUDOS DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE MÚSICA, NAS ESPECIALIDADES DE DIRECCIÓN, E PRODUCIÓN E XESTIÓN, E SE AMPLIAN OS ANEXOS DO PLAN DE ESTUDOS CORRESPONDENTES Á ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN, ESTABLECIDOS NO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 15 de marzo de 2016, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de Decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección, e Produción e xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.

1.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que realice todas as actuacións necesarias para a plena integración das Ensinanzas Artísticas Superiores (EEAASS) no sistema universitario galego.

2.- Na disposición adicional quinta, proponse a inclusión do texto en negriña: "Atendendo ás directrices do proceso de converxencia das ensinanzas artísticas superiores no Espazo Europeo de Educación Superior, a consellería competente en materia de educación procederá á ordenación dos recursos humanos e materiais, de xeito que se garanta o mellor uso destes recursos, con criterios de **calidade**, racionalidade e eficiencia". *Páxina 12, liña 15.*

3.- No anexo II, Competencia transversal T12, proponse a supresión da expresión: "**en condicións de competitividade**". *Páxina 22, liña 13.*

4.- No anexo II, Competencias xerais, proponse a inclusión dunha nova competencia xeral co seguinte texto: "**X15 Coñecer a evolución histórica da música propia de Galicia, canto ao seu repertorio, aos seus instrumentos e ás figuras máis representativas da historia da música galega**". Como consecuencia desta inclusión deberase cambiar a numeración das seguintes competencias. *Páxina 24, liña 20.*

5.- Nese mesmo apartado de Competencias xerais, proponse a inclusión dun novo punto, co seguinte texto: "**X29. Coñecer a historia da música galega e o seu repertorio**". *Páxina 26, liña 11.*

6.- No anexo II, Competencias específicas, proponse a inclusión dun novo punto, co seguinte texto: "**ED13. Coñecer o feito musical galego e o seu repertorio**". *Páxina 27, liña 19.*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
Tlf.: 881997654
conselloescolar@edu.xunta.es

CONSELLO ESCOLAR
DE GALICIA

7.- No anexo II, Criterios de avaliación comúns, apartado 1, proponse a supresión da expresión "**a condicións de competitividade,**". *Páxina 32, liña 3.*

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2016.

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.
O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
Tlf.: 881997654
consellioescolar@edu.xunta.es

CONSELLO ESCOLAR
DE GALICIA

Ref.: FDPA/Jal

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORD. UNIVERSITARIA
Consello Escolar de Galicia
S A Í D A
Nº 02
Data 17-03-16

Achégolle, ós efectos oportunos, o resultado da tramitación dos seguintes proxectos de decreto que foron sometidos a ditame na sesión do Pleno do Consello Escolar de Galicia do día 15 de marzo de 2016:

- DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O PLAN DE ESTUDOS DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE MÚSICA, NAS ESPECIALIDADES DE DIRECCIÓN, E PRODUCIÓN E XESTIÓN, E SE AMPLIAN OS ANEXOS DO PLAN DE ESTUDOS CORRESPONDENTES Á ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN, ESTABLECIDOS NO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO.

- DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR E MEDIO CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:
  - Título de técnico superior en Ortopróteses e Produtos de Apoio.
  - Título de técnico en Emerxencias e Protección Civil.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2016
O VICEPRESIDENTE,

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA · CONSELLO ESCOLAR

Fernando del Rozo Andrés

Sr. Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.